

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA) E A UNIVERSIDADE FEDERAL FLUMINENSE (BRASIL) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, A LITERATURA E A CULTURA GALEGAS

Santiago de Compostela

REUNIDOS:

- José López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG do 14 de abril) que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- Antônio Cláudio Lucas da Nóbrega, reitor da Universidade Federal Fluminense, no nome e en representación da Universidade que actúa de conformidade co disposto no Decreto Presidencial s/n.º publicado no *Diário Oficial da União* núm. 219-A, do día 22/11/2022.

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, Consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como trazo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que *o galego é a lingua propia de Galicia* e que *os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal*. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de *consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico*. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto deste e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Universidade Federal Fluminense (en adiante, Universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, no que é o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitada para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública.
3. A Universidade, que declara que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1994, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade Federal Fluminense para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas non só no ámbito académico da Universidade se non tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrência pública, xa que a Universidade Federal Fluminense é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e, ademais, a sinatura do convenio atópase dentro da “Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración para subscribir pola Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega”, elaborada pola devandita secretaría xeral o 24 de xaneiro de 2024.

Segundo.- Compromisos da Universidade

A) Darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Núcleo de Estudos Galegos do Instituto de Letras.

B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como: cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empregue para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos contemplados no devandito convenio. Neste último caso, a Universidade deberá remitir á Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en adiante, SXL), unha decena de exemplares.

Nas universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, poderanse desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

C) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A e B deste Acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos incluírá na memoria de actuación recollida no Acordo quinto, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

D) Presentar, no momento previo á sinatura deste convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente, en España, das obrigas tributarias e coa

Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á citada consulta.

Terceiro.- Compromisos da Consellería

A Consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa Universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

A) Prestaralle a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A do acordo anterior.

B) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B do acordo anterior.

C) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola Universidade en aplicación deste convenio a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

Cuarto.- Financiamento

A Consellería, a través da SXL, colaborará na realización das accións previstas nos acordos deste convenio cunha contribución económica máxima de **catro mil euros (4.000,00 €)** con cargo á partida orzamentaria 43.02.151A.790.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

O libramento deste importe, a favor da Universidade, poderase efectuar nunha soa entrega, logo de presentar a documentación requirida para efectuar o pagamento final, ou aplicando o seguinte procedemento:

Un anticipo, equivalente ao 50 % da cantidade máxima prevista, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Que o convenio estea asinado e en vigor.
- Que a persoal responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á Consellería, a través da SXL, unha programación, que conte coa conformidade desta, coas actividades previstas para o ano 2024.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65º.5 do Decreto 11/2009, a Universidade queda exonerada da constitución de garantía para os efectos dos anticipos e dos pagos a conta.

- Un pagamento final, polo restante 50 %, unha vez que a Universidade lle remita á Consellería, a través da SXL, antes do 20 de decembro, a seguinte documentación:

- A conta xustificativa a que se refire o Acordo quinto.

- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Quinto.- Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente, na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-cidada>.

Antes de rematar o ano e coa data límite de 20 de decembro, o responsable do Centro de Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitiralle á Consellería, a través da SXL, a conta xustificativa simplificada a que se refire o artigo 51º do Decreto 11/2009, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades realizadas en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso.
- Unha certificación expedida polo/a responsable do Centro de Estudos Galegos ou polo/a titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da subvención na realización das devanditas accións e o pagamento efectivo dos investimentos. Esta certificación ha de estar redactada en galego ou castelán, e de non ser así, deberá vir acompañada dunha tradución a unha destas linguas, preferentemente á galega.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención previsto neste convenio.
 - Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o Acordo décimo segundo.
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos na que se inclúa a identificación do acredor, o do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos etc.) e dos pagamentos.

Se, por calquera circunstancia, a Universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixirase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención recollida no convenio, a Consellería, a través da SXL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada.

Sexto.- Centro de Estudos Galegos

Dentro da Universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable deste figurará o profesor doutor Fernando Ozorio Rodrigues quen, dada a súa vinculación coa Universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a Consellería, a través da SXL. Esta persoa responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se, por calquera causa, fose preciso substituír o responsable do Centro de Estudos Galegos, a Universidade proporalle á Consellería, a través da SXL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte do devandito centro, e esta ha de comunicar a súa conformidade ou non co nomeamento.

Sétimo.- Control

Os servizos técnicos da Consellería, a través da SXL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a súa axeitada xustificación. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a Universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que se produciu un incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no Acordo noveno.

A Consellería, a través da SXL, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a Universidade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar, se é o caso, a modificación do presente convenio.

Oitavo.- Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de decembro de 2024. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de xaneiro de 2024 e non é posible a súa prórroga.

Noveno.- Causas de resolución e modificación

9.1 Causas de resolución

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto de mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De resolverse o convenio por culpa atribuíble á Universidade, a Consellería, a través da SXL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e mais os correspondentes xuros.

9.2 Causas de modificación

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución."

Décimo.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro.- Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou a través da Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da Consellería, nomeados polo seu titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da Universidade, nomeados polo reitor. De non chegaren a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo segundo.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Non obstante, os ingresos, axudas ou subvencións percibidas non poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

O importe da subvención non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos a este convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios

da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Universidade deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mais o resto das especificacións que aparecen nel poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

Décimo cuarto.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 06/12/2018) e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Esta lei tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicos de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexto.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as empregadas e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétimo.- Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta, expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo e asinan catro exemplares deste convenio, dous en idioma galego e dous en idioma portugués, todos eles con idéntica validez, no lugar e data arriba indicados.

**O conselleiro de Cultura, Lingua
e Xuventude**

**O reitor da Universidade
Federal Fluminense**

José López Campos

Antônio Cláudio Lucas da Nóbrega